



MEMORIA XUSTIFICATIVA LICITACIÓN DO CONTRATO PARA O SUBMINISTRO DUN VIDEOMARCADOR ELECTRONICO PARA PABELLON CENTRAL DE AS TRAVESAS . (EXPTE. 18397/333).

1.- ANTECEDENTES:

1.-Na actualidade a Concellería de deportes, no seu ámbito de responsabilidade na dinamización e impulso do deporte na cidade de Vigo nas súas diferentes manifestacións, e como parte fundamental das súas funcións, dinamiza un programa de actuación para a promoción e desenvolvemento dos eventos deportivos que se celebran na cidade ó longo do ano.

Neste ámbito, o Concello de Vigo acolle, nas instalacións deportivas da súa competencia, diferentes competicións deportivas, que permiten que Vigo sexa un importante centro de dinamización do deporte a nivel nacional e incluso internacional.

Ó longo do ano, celébranse na cidade máis de 250 eventos deportivos, o que converte a Vigo nunha referencia no ámbito deportivo. Estes eventos deportivos demandan unhas condicións óptimas no relativo ás instalacións nas que se celebran.

Actualmente, o pavillón municipal con máis capacidade, e o referente principal para as distintas competicións é sen dúbida o pavillón municipal das Travesas, que ofrece un aforo de casi 3.500 espectadores, o que fai que sexa a instalación que acolle as competicións do máis alto nivel e cunha previsión de asistencia de público máis elevada.

Co desenvolvemento das diferentes competicións deportivas e a celebración de grandes eventos deportivos, a Concellería de Deportes, atópase coa necesidade de actualizar as condicións o pavillón municipal das Travesas, fundamentada na necesidade de substituír o marcador electrónico existente, totalmente obsoleto, e substituílo por un novo sistema de videomarcador adaptado ás necesidades que demanda o escenario deportivo actual, e que vai permitir ofrecer un equipamento óptimo ás entidades usuarias da instalación e ós eventos deportivos que se celebren.

Atendendo ó descrito, considérase necesario iniciar os trámites necesarios para o desenvolvemento dun contrato maior de subministro dun sistema completo de videomarcador electrónico a instalar no Pavillón Municipal Central das Travesas, destinado a substituír o marcador existente, totalmente obsoleto, e substituílo por un novo sistema de videomarcador adaptado ás necesidades que demanda o escenario deportivo actual, e que vai permitir ofrecer un equipamento óptimo ás entidades usuarias da instalación.

2.- Con data 03/05/2019, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do subministro dun sistema completo de videomarcador electrónico a instalar no Pavillón Municipal Central das Travesas.

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/06/2019 13:25

Páxina 1 de 12

Expediente 18397/333

CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



3.- Con data 06/57/2019, á vista do informe do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.1 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do subministro dun sistema completo de videomarcador electrónico a instalar no Pavillón Municipal Central das Travesas.

1. Obxecto

O obxecto do presente expediente contempla a contratación do subministro dun sistema completo de videomarcador electrónico a instalar no Pavillón Municipal Central das Travesas.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. 1) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente ó subministro dun sistema completo de videomarcador electrónico a instalar no Pavillón Municipal Central das Travesas.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato por constituír unha única prestación, e polo tanto, tal e como prevé o art. 99.3 da LCSP a sensu contrario, a súa natureza e obxecto non permite a realización independente de distintas partes.

2. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 18397/333

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 04/06/2019 13:25

Páxina 2 de 12

CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1



Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

4. Prezo do contrato e xustificación

4.1.- Prezo do contrato

O prezo do contrato é certo segundo o previsto no artigo 102 da LCSP, aboándose ao contratista en función da prestación realmente executada e formulándose en termos de prezo aplicable a tanto alzado á totalidade. No prezo se entenderá incluído o importe a aboar en concepto de IVE, indicándose como partida independente.

O prezo é, así mesmo, axeitado para o efectivo cumprimento do contrato.

No presente suposto, tal e como consta anteriormente, trátase dun contrato de subministro regulado no artigo 16 da LCSP, que ten por obxecto a adquisición dun ben moble. En consecuencia e de conformidade co establecido no artigo 102.4 o prezo do contrato formularase en termos de prezo a tanto alzado á totalidade tendo en conta que o obxecto deste contrato consiste na adquisición dun único ben a subministrar e entregar nun momento único.

4.2.- Orzamento base de licitación

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en 49.000,00 € sen ive, cun importe correspondente ó ive (21%) de 10.290,00 € o cal totaliza un importe de 59.290,00 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos artigos obxecto do subministro a través deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos unitarios referidos a cada un dos artigos vinculados o contrato e especificados no anexo I do Prego de Prescricións Técnicas particulares.

Pola natureza do obxecto do contrato que consiste na adquisición dun único ben a subministrar e entregar nun momento único, non se estiman custos indirectos.

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 28 da LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Deportes en relación á competencia municipal para a “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de actuación que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo asinado polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo de data 03 de maio de 2019.

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/06/2019 13:25

Páxina 3 de 12

Expediente 18397/333

CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no (art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

4.3.- Valor estimado

O valor estimado do contrato establécese en 49.000,00€. O Cálculo deste valor estimado do contrato resulta do sumatorio dos gastos vinculados cos custos materiais do videomarcador, descontado o importe do IVE ó orzamento base de licitación, que inclúe a retirada do marcador actual e o montaxe do novo equipamento, calculado tendo en conta que non se contemplan prórrogas nin se prevén modificacións debido a natureza do obxecto do contrato.

Método de cálculo:

| | |
|------------------|------------|
| | Con IVE |
| Importe contrato | 59.290,00€ |
| Valor estimado | 49.000,00€ |

5. Revisión de prezos

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

6. Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

O importe do contrato deberá ser de aplicación ós créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida “3420 629 0000 – Equipamento deportivo das instalacións”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, respecta o principio de sustentabilidade financeira, definido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos xerados no actual orzamento do Concello de Vigo.

7. Prazo de execución e prórroga

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de un (1) mes, tendo como data de inicio do mesmo o 9 de xuño de 2019.

Atendendo as peculiaridades do obxecto do contrato en relación ó desenvolvemento do mesmo, e tendo en conta as peculiaridades do mesmo, este período enténdese como adecuado.

As características e necesidades concretas vinculadas co desenvolvemento do obxecto do contrato debe atender a necesidade de que o equipamento estea operativo o 09 de xullo de 2019, polo que si o





contrato se iniciase con posterioridade á data prevista de inicio, o prazo de execución reducirase, debendo finalizar obrigatoriamente o 9 de xullo de 2019.

Non se contempla a posibilidade de prórroga do contrato.

Xustificación do prazo

Tendo en conta o ben a subministrar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha entrega do ben eficaz, sen que se dilate máis alá do estritamente necesario nin que sexa tan curto que orixine problemas na entrega en tempo.

8. Solvencia

Clasificación:

Non procede fixar clasificación alternativa.

Polo tipo de contrato (“de subministros”) non se esixe clasificación de conformidade co establecido no artigo 77 da LCSP. Así, establecece que os criterios de solvencia requiridos ao licitador serán os seguintes:

Solvencia económica e financeira:

Consideraranse con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o contrato, polo cal os mesmo deberán ter unha referencia directa coa distribución en venda de videomarcadores. Acreditarase, esta solvencia, mediante unha declaración sobre o volume anual de negocios e a presentación da fotocopia compulsada das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que indique importe, data e destinatario, público ou privado dos mesmos.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos de igual ou similar natureza, por importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 100% do importe do contrato.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Xustificación da solvencia:

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 18397/333

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 04/06/2019 13:25

Páxina 5 de 12

CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1



Os requisitos de solvencia esixidos nesta contratación están directamente vinculados ao obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a solvencia requirida garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

Medios persoais a adscribir á execución do contrato:

Non se fixan

9. Criterios de valoración e xustificación

De conformidade ao establecido no artigo 145 da LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, e en base ao exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

No presente suposto só se aplicarán criterios avaliábeis a través de fórmula, para o que se opta pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o custe dos servizos a realizar.

Os criterios avaliábeis mediante fórmula terán unha puntuación máxima de **cen (100) puntos** que serán distribuídos nos seguintes criterios:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, óptase pola identificación como criterios de valoración a través de fórmula o prezo e a ampliación do período de garantía.

9.1.- Porcentaxe de desconto a aplicar sobre o prezo unitario: Valorarase ata un máximo de 90 puntos, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.

O valor da baixa ofertada obterase do porcentaxe de redución do prezo unitario sinalado no PPT.

Serán de aplicación as seguintes formulas:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 18397/333

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 04/06/2019 13:25

Páxina 6 de 12

CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1



- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx * Vof$$

$$Vrb$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A$$

$$B$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- **Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración** (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) **Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**





O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} * V_{of}}{V_{ri}}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri





3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 18 do prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

9.2.- Garantía de fábrica: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

A garantía total obrigatoria establécese nun prazo mínimo de **dous (2) anos**.

Por cada ano adicional sobre o mínimo establecido outorgaráselle **dous(2) puntos**, ata un máximo de **dez (10) puntos**

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 18 do prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

9.2.3.- EMPATES.

Os eventuais empates resolveranse aplicando os criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo o orde que no mesmo se establece.

Xustificación das fórmulas:

En base ao obxecto deste contrato, só se aplicarán criterios avaliáveis a través de fórmula.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ó obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 100% dos criterios de adjudicación a criterios avaliáveis a través de fórmula.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliáveis mediante fórmulas, débese indicar que as fórmulas elixidas resultan adecuadas para a valoración dos criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais, outorgando a maior puntuación á oferta máis vantaxosa e xa foron admitidas pola Intervención Municipal noutros expedientes.





10.- Ofertas con valores anormais

Neste procedemento non se considerará que ningunha oferta contén valores anormais.

11.- Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “*será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte*”, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

1. A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

A condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

As condicións especiais de execución deben estar vinculadas ao obxecto do contrato e non ser directa ou indirectamente discriminatorias. Poderán referirse, en especial, a consideracións económicas, relacionadas coa innovación, de tipo medioambiental ou de tipo social.

12.- Subrogación:

Non Procede.

13.- Prazo de garantía

O prazo de garantía total será de **dois (2) anos**, o cal poderá ser ampliado polo licitador na súa oferta.

14.- Subcontratación

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org





Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

15.- Modificacións do contrato

En cumprimento do establecido no artigo 203 e seguintes da LCSP, os contratos so poderán ser modificados por razóns de interese público.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, non se prevén modificacións ao mesmo.

16.- Responsable do contrato

O Responsable do contrato será o Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, que terá como funcións supervisar a execución do mesmo e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada (artigo 62.1 LCSP). O mesmo poderá ser modificado por Resolución do Concelleiro Delegado do Servizo Xestor.

17.- Referencia ao réxime de pagamento

O importe do prezo satisfaráse ó contratista á entrega do obxecto do contrato.

A factura electrónicas a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FAcE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

18.- Seguro

Non se esixe.

19.- Lugar de entrega

Os bens serán entregados no prazo establecido no Pavillón Municipal das Travesas (Avda Castrelos, 1 – Vigo) e sempre segundo as indicacións do responsable municipal do contrato, constituíndo unha parte indisoluble da prestación contratada e conforme co procedemento establecido de solicitude e entrega dos equipos ou material.

No referente á comprobación ao tempo da recepción das calidades dos bens, se os mesmos non se atoparan en estado de ser recibidos, deberá deixarse constancia na acta de recepción dándose as instrucións precisas ao contratista para a súa subsanación e novo subministro no lugar e estado axeitados.

20.- Data prevista para o inicio do contrato

09 de xuño de 2019

Praza do Rei s/n. 36202 Vigo – 10ª P
Telf: 986.81 02 95 / 986.81 02 37 – Fax 986 22 47 77
web:www.vigo.org - email: concelleriadeportes@vigo.org



| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 04/06/2019 13:25 | Páxina 11 de 12 |
| Expediente 18397/333 | CSV: 23EFC1-BF4FA7-85244B-SR4W69-CMGA8K-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



21.- Etiquetas

Non se esixen.

22.- Informes de probas

Non se esixen.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo

Asdo.: Rubén Peña Barceló

Visto e Prace,

O concelleiro-delegado de Deportes

Asdo.: José Manuel Fernández Pérez.

